REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

A terra vai dando froito por si mesma

ANO XXX • Nº 814 - Do 12 ao 25 de xullo de 2010

25 de xullo: cuestión de nivel



A foto que fala



Ollo coas sardiñas quenlla…
Bo verán!


O trasno A crise dos burros

Anónimo

(Ás veces paga a pena facerse eco do enxeño anónimo doutros. Adaptado dun anónimo que circula pola rede)

"Solicitouse a un prestixioso asesor financeiro que explicase esta crise dunha forma sinxela, para que a xente a entenda. Este foi o seu relato:

Un señor dirixiuse a unha aldea onde nunca estivera antes e ofreceu aos veciños 100€ por cada burro que lle vendesen. Boa parte da poboación desfíxose dos seus animais.



Ao día seguinte volveu e ofreceu mellor prezo, 150€ por cada burro, e outro tanto da poboación vendeu os seus.

Aínda volveu de novo e ofreceu 300 euros, así que o resto da xente vendeu os asnos que quedaban. Ao ver que non había máis animais, ofreceu 500€ por cada burro, dando a entender que os compraría á semana seguinte, e liscou.

Pero o que fixo, ao día seguinte, foi enviar a un cómplice á mesma aldea, cos burros todos que mercara, para ofrecer os burros a 400 euros cada un. Ante a posible ganancia, todos os paisanos compraron os seus burros a 400 euros, e o que non tiña os cartos, pediu prestado. De feito, compraron todos os burros da comarca.

Os dous caloteiros desapareceron.

A aldea quedou chea de burros e endebedados. Ademais:

Os que pediran prestado, ao non venderen os burros, non puideron pagar o préstamo. Quen prestara diñeiro, queixáronse ao Concello dicindo que se non cobraban, arruinaríanse eles; e, daquela, non poderían seguir prestando e arruinaríase toda a vila, (o "sistema" dicían.)

Para que os prestamistas non se arruinasen, o Alcalde, no canto de dar diñeiro á xente para pagar as débedas, deullo aos prestamistas. Pero estes, xa cobrada gran parte do diñeiro, con todo, non perdoaron as débedas dos veciños, que seguiron igual de endebedados. O Alcalde dilapidou o orzamento do Concello, o cal quedou tamén endebedado. Entón pediu diñeiro a outros concellos; pero estes dixéronlle que non podían axudar porque, como estaba na ruína, nunca daría pagado a débeda.

O resultado foi:

Os listos do principio, forrados.

Os prestamistas, coas súas ganancias resoltas e unha chea de xente a que seguirán cobrando o que lles prestaron máis os intereses, mesmo confiscando burros.

Moita xente arruinada e sen burro.

O Concello que, igualmente arruinado, decidiu baixar o soldo aos funcionarios e suprimir os subsidios sociais."

Editorial O valor simbólico da nación

Reivindicar a categoría de **nación** para Galicia non é hoxe, maioritariamente, un acto de afirmación separatista. O que funciona aí, como en tantas outras cousas que si importan –ademais dos garavanzos, que tamén importan- é o rexistro simbólico.

A dereita en Galicia di que só importan os garavanzos e a crise. Pero aínda que a querenza polo galego (polo patrimonio, a natureza, o humor, a idiosincrasia, a fala, a cultura inmaterial e material) non se sente no bandullo, que diría Castelao, iso non quere dicir que non sexa importante. Sentirse parte dunha identidade histórica diferenciada, parte dun "nós" que ten pasado e quere ter futuro, alimenta o "sentido", e co actual déficit e fame de "sentido" que temos, pode chegar a ser un tema importante no único terreo que realmente importa aos nosos políticos: o do mercado electoral. Nin a "roja" vai encher ese espazo, por moito empacho televisivo que lle boten.

A palabra "nación" fica en pé, para recordarnos que España é un estado con identidades diversas.

Feijoo non tardou tres segundos en proclamar que a sentencia do constitucional sobre o Estatut de Cataluña reforza a súa tese máis querida: só hai unha nación, que é España. Non repara, sen embargo, que o alto tribunal acorda deixar o termo **nación** no preámbulo, mantendo intacto o seu valor simbólico, xusto nesa parte das normas que explican os criterios que as inspiran. Claro que non ten valor xurídico directo, nin se está a falar da "nación política" nin dunha "nación estado", nin dun estado independente. Pero fica en pé, para recordarnos que España é un estado composto, con identidades diferenciadas, plurinacional e diverso coma poucos. O desafío é a convivencia na pluralidade respectada.

Agora xa non hai desculpa. Se, estatutariamente falando, Cataluña é nación e Andalucía é "realidade nacional", tócalle a Galicia. E o 25 de xullo é unha boa data. Debe abrirse un debate intelixente, no que Feijoo debe superar a súa repugnancia por unha Galicia dona de si, desacomplexada. Esa repugnancia demostrada nas súas posturas sobre a lingua galega. Por certo cómprelle ben ao noso presidente, ler o texto sobre a lingua catalá despois do paso polo Constitucional (a nós válenos):

"A lingua propia de Cataluña é o catalán. Como tal, o catalán é a lingua de uso normal das Administracións públicas e dos medios de comunicación públicos de Cataluña, e é, tamén, a lingua normalmente utilizada como vehicular e de aprendizaxe no ensino".

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Foguetes de sete estalos. Sesión vermouth. Casetas de tiro. "Camela" nos cochiños. Papá, eu quero subir no carrusel! Cheiro e fritanga de churros. A misa do patrón. Algodón de caramelo. Señora vestida de domingo. Señor de garavata. A París de Noia ou a Panorama. E ti es de aquí ou vés á festa? Máis foguetes.

Galicia é o país dos mil ríos, do millón de vacas e das infinitas festas de verán. Empezamos polo San Xoán e rematamos en San Miguel un auténtico maratón de festas e máis festas que só uns fígados fortes e afoutos coma os galaicos poden aguantar. Temos festas dos patróns (cada parroquia canto menos ten dúas). Temos festa da aldea. Romerías e romaxes. Festas gastronómicas. O apóstolo, María Pita, a Peregrina, os viquingos de Catoira, a festa da auga, San Froilán e San Caralampio.

É ben seguro que estas vacacións que hoxe merecidamente collemos en *Irimia* iremos canto menos a media ducia de festas. Os tópicos din dos galegos que somos un pobo introvertido e reservado. Quen dixo iso nunca lle dixeron iso de que a caña esta non ten case alcohol porque está feita na casa. Que o pasedes ben nas festas!



1



3



2



4

A peneira

1

O 18 é a homenaxe nacional ás vítimas do franquismo na illa de San Simón, agora aldraxada pola Xunta, cando o goberno de Madrid vén de denunciar a persecución e morte que sufriu MONCHO REBOIRAS nos estertores da ditadura, hai 35 anos. Endexamais esquecido polo pobo, como significou Manuel María en *Poemas para construír unha patria* (1977), transmitindo a persoa exemplar capaz de darnos alento.

2

600 ALGAS agasállannos na costa, 100 delas comercializables e 25 presentes en gastronomía, coma as galletas Daveiga, de Chantada. Ademais, están sendo investigadas como fertilizantes. O que non imos ver son laminarias, que desaparecen polo quecemento do clima. Por outra banda, hai invasión de algas xaponesas, que prexudican o peixe, e chegan transportadas pola auga dos buques.

3

A Universidade de Vigo inicia AGROTURISMO coa hostalaría da Ribeira Sacra, introducindo en oficios, festas estacionais, viticultura, apicultura, etc. Os visitantes poden traballar un horto, ou apadriñar co seu nome colmeas ou castiñeiro nunha aposta ecolóxica. Hai obradoiros de música, sobre o románico (69 igrexas en 17 concellos), coa guía do delegado episcopal de patrimonio, César Carnero, que urxe a creación de centros que valoren esta arte.

4

Moitos viaxan a outro Santiago, a illa de CABO VERDE, a máis grande, que dobrou a poboación en 20 anos, competindo coa de São Vicente, o centro cultural de Mindelo. Na Praia, a capital, as construtoras galegas aproveitan o turismo, o "caribe africano". Son visitadas por máis de 6 veces a súa poboación (423.613 habitantes). Xa é a segunda vivenda de moitos europeos e estanse convertendo nunhas illas engulidas pola iniciativa privada. A foto, nunha festa en Burela.









Alfonso Blanco Torrado

5

O XXXI Festival de Pardiñas, o 7 e 8 de agosto, encomendou a BERNARDO GARCIA CENDÁN, o seu pregón, convencidos de que é o mellor leito, para inzar nesta festa a loita polo noso idioma e patrimonio, dende unha mocidade comprometida co país. Xermolos, dende a súa orixe, atopou no profesor e animador cultural un facho aceso para seguir adiante, xa dende os anos 80, cando participou na súa parroquia de Ferrol en actividades sociais e culturais.

6

"CADERNOS de Compostela", editados polo Concello, vén de publicar o 2º título, dedicado a ÁNXEL CASAL, alcalde de Santiago no 36, de quen dixo Castelao: "fixo máis por Galiza que todos nós". Fundador das Irmandades da fala, foi o que levou a Madrid o Estatuto de Galicia e fundou Nós. Rematou nunha cuneta en Cacheiras-Teo, onde é lembrado cun monolito do canteiro Valdi todos os 19 de agosto.

7

A LAVERCA anuncia, ao amencer, días de calor, cunha música propicia para espreguizarse. Os praguicidas e a agricultura intensiva obríganas a emigrar, e afacerse ao bosque. A tabarilla desaparece cos matorrais e baldíos nos que vivía. No inverno asenta nos labradíos, preto da pobación. Cómpre rendibilizar a agricultura, permitindo a reprodución dos paxaros que alegran a convivencia.

8

O 17 pronúnciase unha conferencia sobre HAITÍ en Lugo. O 72% atópase na miseria, con 2 dólares ao día. 250.000 nenos son entregados a familias non tan pobres en semiescravitude, 1 millón ficaron na rúa na capital. Mandados por caciques crueis, un de cada 50 ten salario. A deforestación aniquilou o 98% dos bosques. Varios lugueses que traballaran na illa retornaron cando tivo lugar aa desfeita. É o caso de Ramón Jacobo, delegado de misións. Teñen o máis alto índice de adultos con SIDA de América.

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Utopía



Hai uns días coñeciamos a nova da morte de José María Díez-Alegría quen, en palabras do seu amigo Pedro Casáldaliga, saltou o cantil da morte e xa está na alegría do Señor. Importante teólogo, bo expoñente do Vaticano II e da Igrexa dos pobres, hai máis de trinta anos, cando ía cumprir 60 anos, tivo unha enfermidade moi seria, da que era consciente de que podería entrar nun proceso dexenerativo sen remedio. Unha experiencia vital que o marcou e da que extraeu unha fonda reflexión, que presentou na súa coñecida obra Yo creo en la Esperanza, e da que presentamos un fragmento:

"A pacífica e plenamente humana, e positiva aceptación da morte non necesita apoiarse no alén, pódese (e débese) sustentar no que deixa atrás, fundamentalmente na vida vivida no amor aos demais. Se isto é así, como podía ver eu con tanta paz a morte, que era separación dos seres queridos?

Eu creo que aquí estaban presentes e prevalentes a miña fe na resurrección -en Xesús Cristo- e a miña esperanza escatolóxica, que pasa como unha áncora ata o outro lado da morte e chega (cos ollos pechados) ao "máis alá". Pero é unha esperanza que non se centra en fantasmagorías apocalípticas, senón na experiencia do amor cristián, que é amor humano auténtico aberto ao infinito: a revelación de Xesús na terra. San Paulo escribiu: "O amor non remata nunca" (1 Corintios, 13, 8). E San Xoán di: "Nós sabemos que pasamos da morte á vida, porque amamos os irmáns" (1 Xoán 3,14). A miña firme esperanza escatolóxica non se centra sobre un " mito" senón sobre unha "experiencia": a de ter empezado a aprender humildemente o que é amar os demais e ter fame de xustiza. Por iso, fronte á posibilidade concreta dunha morte inmediata, sentíame gozoso".

O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



Ando algo apampado coa liturxia do mundial de fútbol e con este patriotismo de balcón inesperado, que agardo desapareza cando rematen os fastos deportivos. Nunca entendín esa identificación *futbolera* cas patrias, e menos con once tipos millonarios que din representarnos. Non sei que representación significará para os millóns de parados os 600.000 euros de prima que recibirá cada xogador español se gañan o mundial.

Gusto do fútbol, pero cada vez menos. Gustaríame que a mesma paixón apoiara a unha selección de científicos que gañara partidos ao cancro, ou unha selección de economistas e expertos que acabaran coa fame e que percibiran primas por logralo. Ora ben, sei que son soños e sei que a maior parte dos medios de comunicación e dos políticos traballan para defender os intereses do capital, e está claro que o capital prefire a mortalidade nuns niveis razoables. O capital sabe ben que o fútbol, como a relixión, ben controlados son magníficas durmideiras, aquilo do opio que dicía o tío Carlos. Un acaba pensando que o da crise debe ser un conto para meterlle medo á xente e fagan o que lles mandan, senón non me explico como os xornais teñen tantos analistas deportivos e tan poucos económicos.

Dei unha volta pola montaña de Ancares, onde Sudáfrica queda moi lonxe, o mesmo que os TDT e as bandas anchas de internet e a cobertura do móbil. Cun grupo de amigos soñamos utopías e unha fe que non adormeza senón que esperte, que humanice. Unha fe que fuxa un pouco dos incensos e busque as aloumiñas. De regreso ao mundo, acho a paixón das bandeirolas polas rúas, xoga España. No amencer mirei unha pita do monte. Foi o mellor do día, quecía o sol e non había vuvucelas.

O CARRABOUXO por Xoán Luís





Actualidade Ciencia fronte a prexuízos

Manolo G. Turnes

A normativa da Consellería de Educación comezou, no ano 95, un camiño tendente á capacitación dos máis novos nas dúas linguas oficiais (pois antes disto só a propia clase de lingua galega era impartida en galego) con modelos nos que, lonxe de segregar o alumnado por linguas, houbese convivencia entre eles. Agora damos un paso atrás aparentando tratar en pé de igualdade dúas linguas que na sociedade non gozan do mesmo status e tratando as linguas estranxeiras como se fosen cooficiais.

Ao principio (Decreto 247/95) optouse por un modelo no que os resultados obtidos estaban lonxe dos teoricamente pretendidos: as materias que se estudaban en galego eran menos ca en castelán e ademais aquelas ás que familias e alumnado daban menos valor. A desfeita era tal que foi habendo modificacións nas que se ampliaban as materias en galego, cando menos sobre o papel, a outras "máis valoradas" como as Ciencias Naturais. Por fin os políticos chegaron a un novo consenso sobre outro modelo que, de aplicarse realmente, si debería conseguir a competencia bilingüe plena**.** Nestoutro modelo a lingua menos valorada socialmente había de ser empregada nas clases en igual ou maior número de materias cá lingua de máis prestixio e ademais nas materias de máis valoración social.

Razóns serias

A xustificación disto asenta sobre estudos científicos que nunca foron explicados á sociedade, o que permitiu a reacción que o PP aproveitou para botar abaixo o modelo, convertendo os prexuízos en suposta defensa da liberdade individual e o trilingüismo. Explico isto moi brevemente:

A idea xeneralizada é que, de acordo coa imaxe, o coñecemento de dúas linguas implica un *reparto do cerebro*; o que un globo de coñecemento incha é espazo no que o outro non se pode expandir, véndose polo tanto limitada a aprendizaxe *perfecta* da outra lingua.

O *común* das linguas

Porén, especialistas tan prestixiosos coma Jim Cummins conclúen que o modelo real de aprendizaxe das linguas é máis ben estoutro, denominado modelo de *competencia subxacente común*:

Parece ser que o noso cerebro é máis listo do que aparentamos moitas veces: cando aprendemos unha lingua aprendemos moito máis ca vocabulario ou estruturas gramaticais; sobre todo incorporamos tamén sistemas para ligar lingua e pensamento que son comúns a todas as linguas (e non digamos se falamos de dúas linguas románicas). Por exemplo: cando aprendemos a lateralidade (esquerda/dereita) estamos aprendendo algo máis ca dúas palabras do noso vocabulario; o concepto queda, de xeito que para aprendermos unha segunda lingua non comezamos de cero, só cómpre coñecer as palabras coas que etiquetar eses conceptos (left/right, p. ex.). Así, cantas máis linguas coñecemos, máis doado é aprendermos as seguintes.

O aprendido nunha lingua *pode* aproveitarse para a seguinte.

Dito dun xeito máis académico: desenvolver unha das linguas é desenvolver o sistema cognitivo global, a capacidade comunicativa, a linguaxe. Baseándose nesta teoría, Cummins estableceu a *Hipótese da interdependencia*, segundo a que os coñecementos lingüísticos adquiridos nunha lingua se transfiren a unha segunda con tal de que se dean dúas condicións:





A primeira é QUERER aprender esa segunda lingua, é dicir, ter motivación para facer a transferencia de coñecemento xa adquirida na primeira lingua.


Por outra banda, precísase unha axeitada exposición a esa segunda lingua, tanto desde un punto de vista cuantitativo (pasar moito tempo escoitando e tendo que empregala) coma cualitativo (estando exposto a unha expresión, dicción e uso da lingua correctas, ademais de variada nos diferentes dialectos e variedades locais da mesma e nas diferentes temáticas e rexistros (non falamos igual cando nos diriximos formalmente a alguén ca cando falamos coa familia ou cos amigos)

Aínda que habería que explicalo mellor e máis polo miúdo, estas son as razóns polas que só o alumnado escolarizado na lingua desprestixiada e que perde falantes remata sendo bilingüe: é inevitable o contacto coa lingua de prestixio (tampouco pretendería ninguén no seu san xuízo evitalo) e o ambiente favorece o interese por facer a transferencia, no noso caso do galego ó castelán. Véñenme á cabeza casos coñecidos de nenos e nenas entre 3 e 5 anos escolarizados en galego e con familia galegofalante "militante". Os compañeiros, os debuxos animados, etc. fan que cheguen a dominar perfectamente o castelán, cousa que non ocorre á inversa cos que se crían en ambiente monocolor castelanfalante. Por estas mesmas razóns, din algúns estudosos, podería ser máis proveitoso para a aprendizaxe do inglés que en Infantil asentasen ben galego e castelán e afonden neses fundamentos comúns das linguas ca ter unhas horas perdidas de clase de Inglés que van estar moi lonxe do mergullamento necesario para unha correcta aprendizaxe. Pero isto xa é outra historia.

Agora ben, falou Feijoo por boca de Anxo Lorenzo e dixo: decrétese que as tecnoloxías, matemáticas, física e química se estuden en castelán e a historia e a bioloxía en galego. Pregúnteselle aos pais, de acordo cos seus prexuízos, que lingua prefiren para os máis cativos. E quedou tan orgulloso que descansou, aínda que non de todo en paz, porque lle chiaban os oídos coas protestas da RAG, o Consello da Cultura, o Consello Escolar de Galicia e outros alborotadores radicais.

A modo de exemplo, dous estudos que demostran que o castelán non sairía perdendo coa potenciación do galego:

1.-Castelán en Asturias
Fonte: Huguet (2003)
Coñecemento de castelán. Sexto de primaria



Neste estudo chegouse á conclusión de que o alumnado que asistía a clase de asturiano e castelán tiña un mellor coñecemento do castelán có que só tiña clase de castelán. Teñen máis horas de lingua e reforzan os aspectos comúns das mesmas. Ademais, con isto o alumnado desenvolve a lingua propia e logo transfire os coñecementos á outra coa que ten contacto.

2.-Castelán en Cataluña

O dominio do castelán no conxunto de España non difire globalmente do de Cataluña, onde o ensino é todo en catalá agás a clase de lingua castelá, se ben hai pequenas diferenzas nos ítems.

LLENGUA CASTELLANA

	Catalunya	Espanya
GLOBAL	65%	65%
Comprensió	63%	63%
Comprensió oral	57%	59%
Comprensió escrita	63%	63%
Tipus de text		
Literari	56%	56%
Informatiu	68%	68%
Verbicòdnic	67%	65%
Nivell de comprensió		
Literal	67%	66%
Reorganització	64%	63%
Inferencial	63%	62%
Crítica	57%	58%
Apreciació lectora	65%	66%
Expressió escrita	71%	71%
Síl·labes	55%	59%
Paraules	78%	76%
Frases	65%	66%
Textos	73%	72%

Els resultats globals en llengua castellana que s'obtenen al conjunt d'Espanya són iguals que els que s'obtenen a Catalunya, només s'observen petites diferències en algunes puntuacions parcials

Utopía Servizos comerciais

Beatriz Cedrón Vilar

O mesmo número que levaba chamando unha semana apareceu de novo no meu móbil. Daba case por feito que sería unha chamada de tipo "comercial". E atinei. Correspondía á entidade financeira na que teño o peto, esa á que "pertenzo" só porque é galega, e que vive agora o gran dilema de ser absorvida ou fusionada, que nunca foi igual deixar a que te deixen...

Este tipo de chamadas sempre poñen a proba a miña capacidade de decisión/acción. Teñen a santa virtude de chamar, cun 90% de probabilidade, no peor dos momentos. Claro está que para que che intenten vender a burra, ningún momento é bo de primeiras. Doutra banda, cabréanme enormemente, porque non me gusta nada este tipo de venda telefónica, á que por principios me opoño, pero non me podo ensañar coa persoa que chama, que é unha traballadora coma min, e non ten culpa de nada. A opción de deixar soar o teléfono todas as veces que chaman ata que cansen tampouco se me aquela ben, salvo que "silencie" a chamada, pero normalmente, á volta dun tempo, reinician o ataque. Ademais, se estás botando unha soneca, por moito que acabes por silenciar o trebello, o mal xa está feito porque xa cha arruinaron (as amizades e a familia xa saben o perigoso que pode resultar chamar a esas horas, por iso sempre sabes que é "unha desas chamadas").



Así aconteu que esta semana apareceu outravolta o número famoso, e optei por contestar para, poñendo todo da miña parte, expoñer a miña negativa a adquirir o "produto", fora cal fora, a ver se daquela deixaban de chamar.

- Buenos días. Doña Beatriz X. X., por favor?

- Bos días, si son eu, diga.

- Buenos días, Doña Beatriz. Le llamo de Caixa Aturuxo. Verá, Doña Beatriz, le llamo para ofrecerle un nuevo producto financiero, Doña Beatriz. Mire, Doña Beatriz, usted viaja mucho?

- Pois viaxo o que podo, si.

- Pues mire, Doña Beatriz, se trata de un seguro de viaje, que le cubre el descubierto por robo de tarjetas hasta un importe de ... etc. Doña Beatriz, etc. etc. etc. Doña Beatriz, bla, bla, bla Doña Beatriz,...

(Señor, que me vai gastar o nome! Mamaíña, deféndeme, que me tocan a identidade!).

- Además, tiene que saber, Doña Beatriz (o idioma da Caixa Aturuxo non se me aquelaba a ningunha das variantes de Galicia, por máis que porfiara eu nas réplicas), que tanto usted como su pareja...

(Vaites! E eu sen saber que tiña parella. Como acabe por tela algún día, vou sospeitar do poder visionario dos que manexan as finanzas...).

- ... ... (Un minuto máis de loubanza do produto, coas correspondentes mencións á miña parella. Eu deixeina falar todo canto quixo). *Bueno, Doña Beatriz, entonces contratamos el seguro, ¿verdad?*

- Pois non, moitas grazas, pero non desexo contratalo.

- (Silenzo ao outro lado da liña por uns tres segundos. O desconcerto notábase no aire). *Pero, ¿por qué, Doña Beatriz?*, preguntou con certo cambio no ton do seu falar.

E deille as miñas razóns, unha tras outra, dicíndolle que nada tiñan que ver con ela e moito co sector no que traballa. Era evidente que falabamos – en todos os sentidos – idiomas diferentes, pero constou en acta. Agora, espero, xa non me chamaran por longo tempo, nin en galego nin en aturuxiano, que nin niso acertan.

Romaxe 2010 Convite á XXXIII Romaxe

Xabier Blanco



Benquerida Irimega, benquerido Irimego.

Un ano máis teño o gozo de poñerme en contacto contigo para, como dicimos en Cambados "facerche o acordante" da festa que celebraremos xuntos o sábado 11 de setembro.

Si, ese día, en Monterroso, no corazón de Galicia, estás convidada, convidado á XXXIII Romaxe de crentes galegos baixo o lema da vella copla "Se ti viras o que eu vin". Seica "en normativo" debemos dicir "se ti vises o que eu vin" pero non nos atrevemos a distanciarnos da copla popular precisamente polo respecto e agarimo que lle temos ás xentes que, antes cá nós, construíron esta obra de arte que é a nosa lingua.

Aló na área fluvial da Peneda hannos saudar unha irimega e un irimego de toda a vida e vannos ir contando e compartindo con nós todo o que levan visto ao longo das romaxes: os gozos, as tristuras, as esperanzas, os atrancos que ten vivido Galicia e o Mundo dende o ano 1978 en adiante. A través das cantigas dos nosos amigos de A Quenlla e de diversos textos poéticos da nosa literatura iremos facendo memoria e memorial de todo o acontecido, dos soños algo realizados e dos por desgraza frustrados ou mesmo aprazados "sine die".

Tamén nos han visitar dous peregrinos que seica se perderon e, en vez de estar abrazando ao apóstolo, preguntarannos a nós como vemos a Galicia e o Mundo do 2010 e por onde seguir o camiño para ir bater con lugares de esperanza e utopía e non desviarse cara as cunetas da desilusión, o fanatismo, a desesperanza.

No Monterroso encrucillada de camiños queremos celebrar contigo que, a pesar de tantos pasos de morte e de inxustiza, seguimos atopando motivos para a esperanza e para a ledicia. En Galiza e no Mundo seguimos percibindo verbas, signos, xestos, iniciativas que nos falan de Vida, de vida plena para nós e para toda a Humanidade e a Natureza.

Por iso nalgún momento da celebración hannos visitar tamén aqueles dous que camiñaban cara a desilusión e que só vían fracaso no camiño andado. Pero, de repente, uníuselle outro Camiñante que lles axudou a facer "outra lectura da realidade" e que compartindo con eles ideas, inquezandas, confidencias e pan quentoulles o corazón e devolveulles a esperanza perdida. Si, porque pese a quen lle pese, na Romaxe seguimos sentíndonos seguidores e seguidoras de Xesús de Nazaré, e a Fe e máis a Galeguidade seguen a ser os piares onde asentamos as nosas loitas, as nosas canseiras e os nosos gozos e esperanzas. E todo iso, un ano máis, imos celebralo xuntos no segundo sábado de setembro.

Vémonos, pois, en Monterroso, na área fluvial da Peneda o sábado 11 de setembro a partir das 11:00 da mañá co momento acollida, ao que seguirá a Celebración Irimega ás 12:00; ás 14:00h o xantar; ás 16:00h, festa; e ás18:30 a Oración da tardiña e despedida.

E, para chegar, ten en conta que Monterroso atópase na estrada N-640 entre Lalín e Guntín. Ata máis ver.



Internacional

Países emerxentes no contexto mundial

Moisés Lozano Paz



No contexto da crise actual provocada polas políticas económicas neoliberais e capitalistas existen algúns países que xorden como contrapeso ao poder xeopolítico do imperio americano e que teñen cada vez máis relevancia nos centros económicos do noso planeta. Referímonos ademais de China a países como Brasil, a India e Turquía.

A economía brasileira medou ao 9% no primeiro trimestre do 2010

Brasil, pronto en proceso electoral

Os partidos políticos de Brasil tomaron posicións e elixiron os seus candidatos para afrontaren a complicada misión de substituír un dos presidentes máis influentes da historia do país: Luiz Inacio Lula da Silva. O país suramericano prepárase para unha campaña electoral que se presenta moi axustada, cun empate técnico nas sondaxes entre Dilma Rousseff, candidata do Partido dos Traballadores (actualmente no Goberno), e José Serrá, quen será cabeza de lista do Partido da Socialdemocracia. Sexa quen sexa o elixido nas eleccións presidenciais convocadas para o 3 de outubro, a súa tarefa non será fácil. Terá que substituír a Lula, un presidente que non se retira por desgaste, senón porque a Constitución brasileira non permite presentarse a uns novos comicios.

Brasil terá a metade de pobres dentro de catro anos

A candidata do gobernante Partido dos Traballadores (PT), Dilma Rousseff, de 62 anos, coa súa abnegación e enerxía fixérona coñecida como a "Xoana de Arco" do movemento guerrilleiro brasileiro. José Serra, do Partido da Socialdemocracia Brasileira, de 68 anos, acumula cargos públicos sobresalientes, os que levou a cabo con éxito. Foi, entre outras funcións, deputado, senador, alcalde e gobernador de São Paulo. Conta cunha alta popularidade.

Segundo un estudo da prestixiosa Fundación Getulio Vargas (FGV) de Río de Xaneiro, Brasil terá a metade de pobres dentro de catro anos: dos actuais 30 millóns de cidadáns que non poden satisfacer as súas necesidades básicas, en 2014 só quedarán 15 millóns. O número de persoas pobres cae un 10% ao ano. Hai oito anos, neste país de 190 millóns de habitantes había 50 millóns de pobres.

Segundo os economistas, isto foi posible pola conxunción de varios factores. En primeiro lugar, a creación de 12 millóns de empregos fixos nos últimos oito anos, así como o aumento do 53% do soldo base dos traballadores, que nalgúns sectores, como na construción, chegan a cobrar un salario de ata tres soldos base. Ademais, o Goberno de Luiz Inácio Lula dá Silva desenvolveu desde 2003, cando chegou á presidencia, unha política de axudas sociais ás familias pobres que lles permitiu afrontar mellor a crise financeira mundial, que afectou

aos cidadáns de Brasil menos que aos doutros países. A celebración en Brasil dos Mundiais en 2014 e dos Xogos Olímpicos en 2016 é outra importante fonte de creación de emprego.

O ascenso de Turquía

O fracaso mortífero da flotilla da paz encabezada por Turquía e que se dirixía a Gaza, hai poucos meses, puxo de relevo as crecentes tensións da alianza israelo-turca. Con todo, axudou principalmente a mostrar as razóns subxacentes do cambio da orientación occidental de Turquía enfocada a converterse nun actor fundamental en Oriente Próximo, en alianza cos réximes rebeldes da rexión e con actores radicais non estatais.



Turquía pode converterse nun actor fundamental en Oriente Próximo

A crise actual pon de manifesto a profundidade do complexo de identidade de Turquía, a súa oscilación entre unha herdanza kemalista orientada a Occidente e o seu legado otomán oriental. Rexeitada pola Unión Europea, a Turquía de Erdogan está inclinando a balanza cara ao segundo. Debemos recoñecer que, en efecto, Erdogan respondeu positivamente ás condicións de Europa para a adhesión turca á UE. As súas reformas -liberalización económica, cooperación co Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, mellora dos dereitos da minoría kurda e debilitamento das ambicións pretorianas do Exército- son avances importantes na historia da República Turca.

Agora, unha reforma constitucional que supostamente ten o obxectivo de "promover a adhesión de Turquía á UE" reducirá máis o papel do Exército como gardián do Estado laico e fortalecerá o control do Goberno sobre o poder xudicial.

A pesar de que ante a ambición dos mercados a política parece resignarse, a savia nova destes países emerxentes pode ser de gran axuda para o diálogo intercultural e o benestar dos cidadáns do mundo.

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15705-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: . . . . . APELIDOS: . . . . .
ENDEREZO: . . . . .
CÓD. POSTAL: . . . . . CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . .
TELÉFONO . . . . . CORREO ELECTRÓNICO . . . . .

QUERO SER SOCIA/-O: 3 € ❑
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 24 € ❑
De apoio: 36 € ❑ Subscrición anual (22 números)
QUERO SER 60x100: **60 € ❑**

DOMICILIACIÓN
BANCO OU CAIXA E AFORROS: . . . . .
DOMICILIO DO BANCO: . . . . . CÓD. POSTAL: . . . . .
CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . . TITULAR DA CONTA: . . . . .
Nº de CONTA: _ _ _ _ /_ _ _ _ /_ _ /_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En .... a ..... de ..... de 200__.
Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822
BBVA 0182-0267-15-0207905484

O noso taboleiro

Rubén Aramburu, irimego, animador das Romaxes, colaborador desta revista, acaba de ser galardoado co premio "Lingua de Ouro" que a Asociación Queremos Galego de Marín outorga "ás persoas, institucións ou iniciativas que máis fan pola normalización e a dignificación da nosa lingua" dentro desa localidade. Quen o coñecen saben do merecido deste recoñecemento e agardamos que anime a quen apostan polo uso da lingua galega no ámbito eclesial.



A MESA DE REDACCIÓN DESÉXAVOS E TODOS E TODAS UNHAS BOAS VACACIÓNS.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - asociacion-irimia@asociacion-irimia .org

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia / http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 18 DE XULLO. 16º DO TEMPO ORDINARIO

Lc 10, 38-42

Naquel tempo, cando ían de camiño, entrou Xesús en certa aldea, e unha muller chamada Marta acolleuno na súa casa. Esta tiña unha irmá chamada María que, sentada aos pés do Señor, escoitaba as súas palabras. Marta, en troques, estaba moi apurada co labor da casa; e achegándose a el, díxolle: "Señor, non che importa que a miña irmá me deixe a min o traballo? Dille que me bote unha man". Pero o Señor respondeulle: "Marta, Marta, preocúpaste e desacóugaste con tantas cousas, pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar".

O ECO

O que importa.

O que importa non é saber se pode máis o espírito ou a materia, os curas ou os leigos, homes ou mulleres, facer ou orar… tantos dualismos sen sentido que nos tapan a luz. Xesús non podía estar denigrando o traballo de Marta para recalcar a piedade da María, a pesar do tantas veces lido e oído.

O que importa, por riba do que faga, do que diga, do que rece ou do que pense; por riba do que son, con nome e apelidos, estado civil e condicións varias. Só importa de verdade sentarme aos teus pes, Mestre. Manter de noite e de día, en toda circunstancia e pase o que pase, a actitude de escoitar, aprender, comprender e sentir o que significa ser discípula de Xesús. Porque só El importa, só seguilo importa. Pelando patacas, redactando informes sisudos, regando as leitugas ou botando unha brisca. O esencial é non perder nunca de vista o horizonte do Reino mentres vou "de camiño" como ían os discípulos e discípulas do evanxeo; mentres como, paso o ferro, fago o amor, tomo o café cunha amiga, boto unhas risas coa miña filla, ou dixiro a duras penas o evanxeo ese como fago agora. Porque non quero andar "apurada", "preocupada" e "desacougada"; porque non me quero sentir nunca tan importante como para chamarlle a atención ao mesmo Deus dicíndolle o que ten que facer como fixo Marta tan chea de razón ela. Non coñezo outra vía mais que a de María. Non aporto nada. Quedo sentada aos pes do meu Mestre. Esta escena só podía ter ocorrido con mulleres; ratifica que "a mellor parte nunca se nos vai quitar" , a nós irmás.

Christina Moreira

A CLAVE

Hai xestos de Xesús que caeron durante séculos no esquecemento, e frases que aínda hoxe costa recuperar. A conversa de Xesús con Marta e María é deses xestos. Xesús fala abertamente en contra da división sexual do traballo, moitos séculos antes do feminismo. A súa afirmación final sempre me resoou cun deixe de amargura. Di Xesús: "María escolleu a mellor parte e esa nunca se lle vai quitar". Por moito tempo salvamos a frase facendo unha lectura espiritualista, reducindo o seguimento de Xesús nas mulleres ao terreo da devoción e a piedade. Pero se a tomamos á letra, no seu sentido máis obvio e práctico, (este é o evanxeo de Lucas, non o de Xoán. Aquí non podemos escaparnos polo camiño da alegoría) costa asumir a falla de realismo en Xesús, ou, o que é peor, a desobediencia descarada e persistente á súa vontade de igualdade entre homes e mulleres.

Mesmo parece que Xesús é un iluso, que descoñecera a realidade social na que vivían as mulleres, realidade que, noutras pasaxes, ben que coñece e critica, poñéndoa en evidencia sempre que pode.

O amargo da afirmación é constatar como nos foi arrebatada esa parte da que falaba Xesús... Aínda hoxe a igrexa católica segue excomungando ás mulleres que son ordenadas como sacerdote. Aínda hoxe iso de que somos un pobo de sacerdotes, profetas e reis/raíñas é papel mollado.

Marisa de Corme

Falando da lingua Errare humanum est

Lidia e Valentina

Paramos por vacacións, coma os escolares, sempre no verán. Temos case a sensación de vivir, con esta revista, anos académicos no canto de anos naturais. E como temos esa impresión de ter rematado o ano case nos viñan ganas de facer unha valoración deste ano-curso escolar tan difícil para nós, para a xente da lingua, as que falamos da lingua (galega) porque nos desvivimos por ela, porque sufrimos pola súa situación e porque o forno non está para bolos.

Nin para bolos nin para empanadas nin para nada… a este paso non temos forno para cousa ningunha. E que isto é moi grave. O que está pasando é extremadamente grave ese temos que examinar e poñer nota, esta é moi negativa Non só non se mellorou nada, senón que se empeorou, daquela , a avaliación da política lingüística desenvolta non pode ser peor. Razóns, para os que as precisen:

Temos un novo Decreto no ensino que nin sequera é un decreto para o galego, senón para o plurilingüismo e que só pretende eliminar de vez o galego na xente moza. Segundo lle escoitamos hai uns días ao sociólogo Fermín Bouza, se isto vai adiante, en menos de dúas xeracións, arredor de 50 anos, non vai quedar NINGUÉN que teña como lingua inicial o galego Sen comentarios!

Temos un Secretario xeral de política lingüística que renega do que foi e do que escribiu mentres "vivía do galego" (moi diferente de "desvivirse polo galego") e xa reinterpreta a Lei de Normalización Lingüística ao xeito da xente do seu partido, pero dos que están por Madrid, aos que "esto del gallego les queda lejos y les estorba".



Acaba de ver a avaliación final deste curso!

Temos un lote de funcionarios que non teñen porque aprender galego se non lles dá a gana porque ninguén llelo esixe , entre eles está a clase médica que consegue pisar os nosos dereitos lingüísticos como cidadáns se acordan dicir que non nos entenden. Que imos facer? Quedar sen atender?

E temos moitas máis cousiñas nas que xa non imos entrar para non amargar máis as vacacións desexadas ás que chegamos moi esgotadas

Así que a disfrutar das festas, romerías, xantares . deste período estival e a falar galego, sobre todo aos cativos cos que vos encontredes… que algo que oian, é menos ca nada Xa nos contades á volta o resultado!

Feliz verán!

O Fachineiro da lingua

Seccións, sectores, sectarios, seitas



A Warren Sánchez, personaxe creado polos humoristas arxentinos Les luthiers, non lle importaba que o acusasen de crear unha "secta", porque xa creara cinco e esta era, efectivamente, "a secta". Arestora, sufrimos un Decreto de Plurilingüismo, fundamentado en falacias que se poñen negro sobre branco no DOG coma que bebe unha sede de agua, unha forma sectaria de facer política lingüística que abandona o sector de poboación que ten o galego como lingua da súa preferencia e que se atreve a asegurar que o anterior decreto só garantía unha boa competencia en galego, subtraendo, á mantenta, toda a realidade social que hai fora das paredes dos centros educativos. O sectarismo quere maquillar agora o ensino cos "centros plurilingües" -un chanzo máis alá das actuais Seccións Bilingües- onde se van impartir materias integramente en lingua estranxeira, algo que lle sae gratis á Administración, ao aproveitar o profesorado que acredite un coñecemento desa lingua. No canto de estender o dominio das linguas estranxeiras a todo o alumnado de centros públicos, prefírese discriminar e atender só o alumnado deses futuros "centros plurilingües" nos que reducirá ao 33% a presenza do galego. Ocorre isto cando a Xunta acaba de prohibir as liñas de galego en educación infantil negándolle futuro ao galego. Axiña haberá que propoñer as Seccións Bilingües na nosa lingua.

A.Q.